

# PROGRAMACIÓN DE CULTURA CLÁSICA



*O xuízo de Paris* (1913) de Renoir, Hiroshima museum of Art

## IES RAFAEL DIESTE

Curso 4º de ESO (2020-2021)  
DEPARTAMENTO DE GREGO

## Índice

1. Introducción e contextualización.....	<i>páxina 3</i>
2. Contribución ao logro das competencias básicas.....	<i>páxina 3</i>
3. Contribución ao desenvolvemento das competencias clave e ..... concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliable de temporalización e grao mínimo de consecución. Concreción dos obxectivos para o curso.	<i>páxina 4</i>
4. Contidos.....	<i>páxina 10</i>
5. Temporalización.....	<i>páxina 11</i>
6. Criterios de avaliación.....	<i>páxina 12</i>
7. Mínimos esixibles para a obtención da avaliación positiva.....	<i>páxina 13</i>
8. Instrumentos de avaliación.....	<i>páxina 13</i>
9. Procedementos de avaliación.....	<i>páxina 14</i>
10. Criterios de cualificación.....	<i>páxina 14</i>
11. Organización das actividades de seguimento, recuperación ..... e avaliación das materias pendentas.	<i>páxina 14</i>
12. Metodoloxía didáctica.....	<i>páxina 15</i>
13. Escenario de actividade lectiva non presencial.....	<i>páxina 15</i>
14. Escenario de actividade lectiva semipresencial.....	<i>páxina 16</i>
15. Procedementos para acreditar os coñecementos previos.....	<i>páxina 16</i>
16. Material e recursos didácticos.....	<i>páxina 16</i>
17. Medidas de atención á diversidade.....	<i>páxina 16</i>
18. Concreción dos elementos transversais que se traballarán.....	<i>páxina 16</i>
19. Accións de contribución ó proxecto lector.....	<i>páxina 17</i>
20. Accións de contribución ó plan tic.....	<i>páxina 17</i>
21. Accións de contribución ó plan de convivencia.....	<i>páxina 17</i>
22. Accións complementarias e extraescolares.....	<i>páxina 18</i>
23. Mecanismos de revisión, de avaliación e de modificación..... das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora.	<i>páxina 18</i>

## 1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

A programación da materia de Cultura Clásica forma parte do Proxecto Curricular de Centro na etapa da Educación Secundaria Obligatoria, impartíndose en terceiro e cuarto curso.

Tal e como se recolle no currículo oficial correspondente a esta materia (DOG, 25 de xuño de 2015), “A materia de Cultura Clásica ten como obxectivo primordial achegar o alumnado ao estudo das civilizacións grega e latina nos ámbitos literario, artístico, filosófico, científico, sociopolítico e lingüístico, de xeito que poida tomar conciencia da influencia, o mantemento e a presenza destes aspectos na cultura occidental, e comprender a súa identidade cultural, así como as manifestacións que a definen”.

A materia de Cultura Clásica ten un papel moi importante na educación secundaria obrigatoria. Desde o punto de vista das diferentes competencias que debe adquirir nesta etapa o alumnado, esta materia presenta vantaxes xa que trata moitos aspectos que son interdisciplinares: xeografía, sociedade, lingua, literatura, arte, filosofía, ciencia, relixión, etc, y que facilitan a adquisición das competencias lingüística, social e cívica, conciencia e expresión cultural, aprender a aprender, competencia en ciencia. Ademais o mesmo carácter da Cultura Clásica facilita as diversas estratexias que hai que aplicar nunha aula para atender a diversidade, debido a súa variedade de contidos, que permiten ao profesorado adaptalos aos ritmos e niveis do alumnado, e ao feito de que non esixe coñecementos previos. Tamén fai posible o tratamento de temas que poden axudar a mellorar a convivencia na aula, como a democracia, a paz, a convivencia, o respecto aos dereitos dos demais, as relacións persoais, a vida cotiá etc, todos eles pódense ilustrar mediante feitos históricos ou relatos mitolóxicos.

A través da Cultura Clásica preténdese iniciar o alumnado nun exercicio de reflexión e análise sobre as bases en que descansan realidades moi importantes da nosa cultura, confrontándoas co que coñecemos como legado clásico: un patrimonio común que debe ser considerado irrenunciable para os cidadáns e as cidadás de Europa.

## 2. CONTRIBUCIÓN AO LOGRO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS.

### **Competencia en comunicación lingüística (CCL)**

Mellórase a comunicación oral e escrita mediante o coñecemento das etimoloxías grecolatinas e dos procedementos de formación e evolución fonética das palabras, o que facilita a ampliación do vocabulario básico, culto, científico e técnico. O coñecemento do alfabeto grego e da súa evolución ao abecedario latino e posteriormente ao noso contribúen ao achegamento e uso doutras linguas actuais, e facilita a comprensión e o respecto por outras culturas e linguas, incluíndo as antigas e minoritarias, e o rexeitamento dos estereotipos baseados en diferencias culturais e lingüísticas. Ademais, mediante a lectura de novelas históricas, cómics e diferentes textos clásicos contribúese a un achegamento á literatura e á mellora da expresión oral e escrita.

### **Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT)**

Traballaranse nos temas de cultura e civilización grega e latina (ciencia e educación, urbanismo, enxeñería romana e vías de comunicación)

### **Competencia dixital (CD)**

Desenvólvese esta competencia nas tarefas habituais da clase e naqueles traballos específicos onde se usan como ferramentas para a comunicación do coñecemento adquirido distintas páxinas de Internet referidas ao mundo clásico, páxinas de distintos museos, programas interactivos de exercicios, e, por suposto, plataformas e aplicacións informáticas.

### **Aprender a aprender (CAA)**

A cultura clásica contribúe a desenvolver hábitos de reflexión sobre a propia aprendizaxe, favorecendo as destrezas de autonomía e de planificación do traballo, exercitando a memoria mediante a recuperación de datos e situando o proceso formativo nun contexto de rigor lóxico.

Ademais, o uso de técnicas de síntese, identificación de palabras clave e distinción entre ideas principais e secundarias, destrezas que nalgún momento se traballan nesta asignatura, aportan instrumentos básicos para a adquisición desta competencia.

### **Competencias sociais e cívicas (CSC)**

A contribución do grego e do latín establécese desde o coñecemento das institucións e modo de vida como referente de organización social, participación cidadá na vida pública e delimitación de dereitos e deberes dos individuos e colectividade, no ámbito dunha Europa diversa, unida no pasado pola lingua latina. Ademais, o coñecemento das desigualdades da sociedade grega e romana favorece unha reacción crítica ante a discriminación por grupo social ou étnico, diferenza de sexos, etc. Foméntase deste xeito no alumnado unha actitude de valoración positiva da participación cidadá, a negociación e a aplicación de normas iguais para todos como instrumentos válidos na resolución de conflitos.

### **Sentido da iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)**

Esta materia contribúe no desenvolvemento desta competencia na medida en que o alumnado ha de responsabilizarse do traballo persoal a curto e medio prazo e ha de cumprir obxectivos concretos. Axuda a traballar a motivación para lograr o éxito nas tarefas, desenvolvendo unha sa ambición persoal e académica.

### **Conciencia e expresións culturais (CCEC)**

A cultura clásica contribúe ao desenvolvemento desta competencia a través do coñecemento do patrimonio arqueolóxico e artístico grecorromano no noso país e en Europa, o que potencia o aprecio e disfrute da arte como produto da creación humana e como testemuño da historia, á vez que fomenta o interese pola conservación dese patrimonio.

Proporciona, así mesmo, referencias para unha valoración crítica de creacións artísticas posteriores inspiradas na cultura e mitoloxía grecolatinas, ou das mensaxes publicitarias que, en moitos casos, toman a súa base icónica do repertorio clásico.

Ademais, co coñecemento do mundo clásico e da súa continuidade favorécese a interpretación da literatura posterior, na que perduran temas, arquetipos, mitos e tópicos, á vez que se desenvolve o interese pola lectura, a valoración do carácter estético dos textos e o amor pola literatura.

## **3. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE E CONCRECIÓN PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVALIABLE DE TEMPORALIZACIÓN E GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN. CONCRECIÓN DOS OBXECTIVOS PARA O CURSO de 4º de ESO**

Cultura Clásica. 4º de ESO			
Competencias clave	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
PRIMEIRO TRIMESTRE- Bloque 1. Xeografía			
CMCCT CD CAA CSC	B1.1. Marco xeográfico de Grecia e Roma.	B1.1. Localizar nun mapa os lugares mais relevantes da civilización grega e romana.	CCB1.1.1. Sitúa con precisión os puntos xeográficos mais coñecidos pola súa relevancia histórica, así como os límites antigos e actuais de Grecia e Roma.
		B1.2. Describir os marcos xeográficos en que se desenvolven as civilizacións grega e romana ao longo da súa historia.	CCB1.2.1. Relaciona lugares con imaxes, personaxes e feitos destacados da civilización grega e romana.
Bloque 2. Historia			
CAA	B2.1. Marco histórico da civilización grega: da civilización minoica ao	B2.1. Identificar, describir e explicar o marco histórico en que se	CCB2.1.1. Sabe enmarcar determinados feitos históricos nas

Cultura Clásica. 4º de ESO			
Competencias clave	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
CMCCT CD CSC CSIEE CCEC CCL	mundo helenístico. B2.2. Marco histórico da civilización romana: Monarquía, República e Imperio.	desenvolven as civilizacións grega e romana.	civilizacións grega e romana e no período histórico correspondente, pondoos en contexto e relacionándoos con outras circunstancias contemporáneas.
		B2.2. Coñecer as principais características de cada período da historia de Grecia e Roma, e saber situar nun eixe cronolóxico personaxes e feitos históricos.	CCB2.2.1. Distingue con precisión as etapas da historia de Grecia e Roma, nomeando e situando no tempo os principais feitos e personaxes asociados a cada unha delas.
			CCB2.2.2. Explica o proceso de transición que se produce entre as etapas da historia de Grecia e Roma, describindo as circunstancias que interveñen no paso de unhas a outras.
			CCB2.2.3. Elabora eixes cronolóxicos en que se representen fitos históricos salientables, consultando ou non fontes de información.
		CCB2.2.4. Sitúa dentro dun eixe cronolóxico o marco histórico en que se desenvolven as civilizacións grega e romana, sinalando períodos e identificando en cada un as conexións máis importantes que presentan con outras civilizacións.	
B2.3. Coñecer as características fundamentais da romanización de Hispania e Gallaecia.	CCB2.3.1. Explica a romanización de Hispania e Gallaecia, describindo as súas causas e delimitando as súas fases.		
	CCB2.3.2. Enumera, explica e ilustra con exemplos os aspectos fundamentais que caracterizan o proceso da romanización de Hispania e Gallaecia, sinalando a súa influencia na historia posterior do noso país.		
Bloque 3. Mitoloxía			
CD CCEC CCL	B3.1. O panteón grego e romano.	B3.1. Coñecer os principais deuses da mitoloxía grecolatina.	CCB3.1.1. Pode nomear coa súa denominación grega e latina os principais deuses e heroes da mitoloxía grecolatina, sinalando os trazos que os caracterizan, os seus atributos e epítetos, o seu ámbito de influencia, explicando a súa xenealoxía e establecendo as relacións entre os diferentes deuses.
CCEC CD CCL CAA	B3.2. Mitos grecolatinos. Os heroes.	B3.2. Coñecer os mitos e os heroes grecolatinos, e establecer semellanzas e diferenzas entre os mitos e os heroes antigos e os actuais.	CCB3.2.1. Identifica dentro do imaxinario mítico deuses, semideuses e heroes, e explica os principais aspectos que os diferencian.

Cultura Clásica. 4º de ESO			
Competencias clave	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
CSC			CCB3.2.2. Sinala semellanzas e diferenzas entre os mitos da antigüidade clásica e os pertencentes a outras culturas, comparando o seu tratamento na literatura ou na tradición relixiosa.
			CCB3.2.3. Recoñece e ilustra con exemplos o mantemento do mítico e da figura do heroe na nosa cultura, analizando a influencia da tradición clásica neste fenómeno e sinalando as principais semellanzas e diferenzas que se observan entre ambos os tratamentos, asociándoas a outros trazos culturais propios de cada época.
			CCB3.2.4. Recoñece referencias mitolóxicas nas artes plásticas, sempre que sexan claras e sinxelas, describindo, a través do uso que se fai destas, os aspectos básicos que en cada caso se asocian á tradición grecolatina.
	B3.3. Relixión grega.	B3.3. Coñecer e comparar as características da relixiosidade e da relixión grega coas actuais.	CCB3.3.1. Enumera e explica as principais características da relixión grega, pondoas en relación con outros aspectos básicos da cultura helénica e establecendo comparacións con manifestacións relixiosas propias doutras culturas.
	B3.4. Relixión romana: culto público e privado.	B3.4. Explicar os fundamentos da relixiosidade romana e distinguir a relixión oficial das manifestacións do culto privado.	CCB3.4.1. Distingue a relixión oficial de Roma dos cultos privados, e explica os trazos que lles son propios.
SEGUNDO TRIMESTRE- Bloque 4. Lingua e Literatura			
CCL CAA CSIEE CCEC	B4.1. Historia da escritura. Signos e materiais.	B4.1.1 Coñecer a existencia de diversos tipos de escritura, distinguilos e comprender as súas funcións.	CCB4.1.1. Recoñece tipos de escritura, clasifícaos consonte súa natureza e a súa función, e describe os trazos que os distinguen.
	B4.2. Orixe do alfabeto. O alfabeto grego e o abecedario romano.	B4.2.1 Coñecer a orixe do alfabeto e distinguir os tipos de alfabetos usados na actualidade.	CCB4.2.1. Nomea e describe os trazos principais dos alfabetos máis utilizados no mundo occidental, diferenciándoos doutros tipos de escrituras, e explica a súa orixe.
B4.2.2 Recoñecer a presenza de elementos dos alfabetos grego e latino nos alfabetos actuais.		CCB4.2.2. Explica a influencia dos alfabetos grego e latino na formación dos alfabetos actuais, e sinala nestes últimos a presenza de determinados elementos tomados dos primeiros.	
	B4.3. As linguas do mundo. O indoeuropeo e as súas familias	B4.3.1 Coñecer a orixe común das linguas indoeuropeas.	CCB4.3.1. Enumera e localiza nun mapa as principais ramas da familia

Cultura Clásica. 4º de ESO			
Competencias clave	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
	lingüísticas.		das linguas indoeuropeas, sinalando os idiomas modernos que se derivan de cada unha e os aspectos lingüísticos que evidencian o seu parentesco.
	B4.4. As linguas romances.	B4.4.1 Identificar as linguas europeas romances e non romances, e localizalas nun mapa.	CCB4.4.1. Identifica as linguas que se falan en Europa e en España, diferenciando pola súa orixe as romances e as non romances, e delimita nun mapa as zonas onde se utilizan.  CCB4.4.2. Describe a evolución das linguas romances a partir do latín como un proceso histórico, explicando e ilustrando con exemplos os elementos que evidencian do xeito máis visible a súa orixe común e o parentesco existente entre elas.
	B4.5. Composición e derivación culta de orixe grega e latina.	B4.5.1 Identificar a orixe grecolatina do léxico das linguas de España e doutras linguas modernas.	CCB4.5.1. Recoñece e explica o significado dalgúns dos helenismos e latinismos máis frecuentes utilizados no léxico das linguas faladas en España e doutras linguas modernas, e explica o seu significado a partir do termo de orixe. Explica o significado de palabras a partir da súa descomposición e da análise etimolóxica das súas partes.
	B4.6. Latinismos, palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos.	B4.6.1 Distinguir e identificar latinismos, cultismos, semicultismos e termos patrimoniais.	CCB4.6.1. Identifica e diferencia con seguridade cultismos, semicultismos e termos patrimoniais, en relación co termo de orixe sen, necesidade de consultar dicionarios nin outras fontes de información.  CCB4.6.2. Coñece o significado das principais locucións latinas de uso actual.
	B4.7. Principais regras de evolución fonética do latín ao galego e ao castelán.	B4.7.1 Facer evolucións desde o latín ao galego e ao castelán, tendo en conta os fenómenos fonéticos.	CCB4.7.1. Explica os procesos de evolución dalgúns termos desde o étimo latino ata os seus respectivos derivados nas linguas romances, describindo algúns dos fenómenos fonéticos producidos e ilustrándoos con outros exemplos.  CCB4.7.2. Realiza evolucións do latín ao galego e ao castelán aplicando as regras fonéticas de evolución.
	B4.8. Léxico grecolatino na linguaxe científica e técnica.	B4.8.1 Coñecer e utilizar con propiedade terminoloxía científico-técnica de orixe grecolatina.	CCB4.8.1. Explica a partir da súa etimoloxía termos de orixe grecolatina propios da linguaxe científico-técnica e sabe usalos con propiedade.

Cultura Clásica. 4º de ESO			
Competencias clave	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
	B4.9. Presenza das linguas clásicas nas linguas modernas.	B4.9.1 Constatar o influxo das linguas clásicas en linguas non derivadas delas.	CCB4.9.1. Demostra o influxo do latín e o grego sobre as linguas modernas servíndose de exemplos para ilustrar o mantemento nestas de elementos léxicos morfolóxicos e sintácticos herdados das primeiras.
	B4.10. Xéneros literarios grecolatinos: autores e obras principais.	B4.10.1 Coñecer as principais características dos xéneros literarios grecolatinos e a súa influencia na literatura posterior.	CCB4.10.1. Describe as características esenciais dos xéneros literarios grecolatinos e reconece a súa influencia na literatura posterior.
		B4.10.2 Coñecer os fitos esenciais das literaturas grega e latina como base literaria da cultura europea e occidental.	CCB4.10.2. Nomea aos autores máis representativos da literatura grecolatina, encádraos no seu período histórico e cita as súas obras máis coñecidas.
Bloque 5. Sociedade e vida cotiá			
CSC CCEC CAA CSIEE CD	B5.1. Organización política en Grecia e en Roma.	B5.1.1 Coñecer as características das principais formas de organización política presentes no mundo clásico, e establecer semellanzas e diferenzas entre elas.	CCB5.1.1. Nomea os principais sistemas políticos da antigüidade clásica e describe, dentro de cada un, a forma de distribución e o exercicio do poder, as institucións, o papel que estas desempeñan e os mecanismos de participación política.
	B5.2. Sociedade en Grecia e Roma: clases sociais.	B5.2.1 Coñecer as características e a evolución das clases sociais en Grecia e Roma.	CCB5.2.1. Describe a organización das sociedades grega e romana, explicando as características das clases sociais e os papeis asignados a cada unha, relacionando estes aspectos cos valores cívicos da época e comparándoos cos actuais.
			CCB5.2.2. Describe as principais características e a evolución dos grupos que compoñen as sociedades grega e romana.
	B5.3. A familia en Grecia e Roma.	B5.3.1 Coñecer a composición da familia e os papeis asignados aos seus membros.	CCB5.3.1. Identifica e explica os papeis que desempeña dentro da familia cada un dos seus membros, identificando e explicando a través deles estereotipos culturais e comparándoos cos actuais.
B5.4. Vida cotiá en Grecia e Roma: vivenda, hixiene, alimentación, vestimenta e traballo.	B5.4.1 Coñecer os trazos máis salientables da vida cotiá en Grecia e Roma.	CCB5.4.1. Identifica e describe os tipos de vivenda, o modo de alimentación, os hábitos de hixiene e a vestimenta en Grecia e Roma.	
		CCB5.4.2. Identifica e describe formas de traballo e relacións cos coñecementos científicos e técnicos da época, e explica a súa influencia no progreso da cultura occidental.	
	B5.5. Espectáculos públicos en Grecia e Roma.	B5.5.1 Identificar as principais formas de lecer da antigüidade.	CCB5.5.1. Describe as principais formas de lecer das sociedades grega e romana, analizando a súa



Cultura Clásica. 4º de ESO			
Competencias clave	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
			finalidade, os grupos aos que van dirixidas e a súa función no desenvolvemento da identidade social.
		B5.5.2 Relacionar e establecer semellanzas e diferenzas entre as manifestacións deportivas da Grecia Clásica e as actuais.	CCB5.5.2. Explica a orixe e a natureza dos Xogos Olímpicos, comparándoos e destacando a súa importancia con respecto a outras festividades deste tipo existentes na época, e comenta o seu mantemento no mundo moderno, establecendo semellanzas e diferenzas entre os valores culturais aos que se asocian en cada caso.
TERCEIRO TRIMESTRE - Bloque 6. Arte			
	B6.1. Fundamentos da arte clásica.	B6.1.1 Coñecer as características fundamentais da arte clásica e relacionar manifestacións artísticas actuais cos seus modelos clásicos.	CCB6.1.1. Recoñece os trazos básicos da arte clásica nas manifestacións artísticas antigas e actuais. CCB6.1.2. Realiza eixes cronolóxicos e sitúa neles aspectos relacionados coa arte grecolatina, asociándoos a outras manifestacións culturais ou a fitos históricos.
	B6.2. Arquitectura en Grecia e Roma: tipos de edificios e ordes arquitectónicas.	B6.2.1 Identificar as características máis salientables da arquitectura grecorromana en relación cos edificios máis singulares.	CCB6.2.1. Recoñece as características esenciais das arquitecturas grega e romana, identificando en imaxes a orde arquitectónica á que pertencen distintos monumentos, para razoar a súa resposta.
	B6.3. Escultura en Grecia e Roma: etapas, estilos e temáticas.	B6.3.1 Coñecer as manifestacións escultóricas da arte grega e romana ao longo da Antigüidade e identificar a súa temática.	CCB6.3.1. Recoñece esculturas gregas e romanas en imaxes, encádraas nun período histórico e identifica nelas motivos mitolóxicos, históricos ou culturais.
	B6.4. Enxeñería romana: obras públicas e urbanismo. Vías romanas.	B6.4.1 Coñecer as creacións urbanísticas romanas, así como a súa rede viaria.	CCB6.4.1. Describe as características, os principais elementos e a función das grandes obras públicas romanas, explicando e ilustrando con exemplos a súa importancia para o desenvolvemento do Imperio e a súa influencia en modelos urbanísticos posteriores.
	B6.5. Herdanza clásica no patrimonio artístico.	B6.5.1 Coñecer e saber localizar os principais monumentos clásicos do patrimonio español e europeo.	CCB6.5.1. Localiza nun mapa os principais monumentos clásicos do patrimonio español e europeo, identificando a partir de elementos concretos o seu estilo e súa cronoloxía aproximada.
Bloque 7- Pervivencia na actualidade			
CSC CCEC CAA	B.7.1. Civilización grecolatina nas artes e na organización social e política actual.	B7.1.1 Recoñecer a presenza da civilización clásica nas artes e na organización social e política.	CCB7.1.1. Sinala e describe algúns aspectos básicos da cultura e a civilización grecolatina que perviviron ata a actualidade,

Cultura Clásica. 4º de ESO			
Competencias clave	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
CD CSIEE			demonstrando a súa vixencia nunha e noutra época mediante exemplos.
	B7.2. Mitoloxía e temas lexendarios nas manifestacións artísticas actuais.	B7.2.1 Coñecer a pervivencia da mitoloxía e os temas lexendarios nas manifestacións artísticas actuais.	CCB7.2.1. Demostra a pervivencia da mitoloxía e os temas lexendarios mediante exemplos de manifestacións artísticas contemporáneas nas que están presentes estes motivos.
	B7.3. Historia de Grecia e Roma e a súa presenza no noso país.	B7.3.1 Identificar os aspectos máis importantes da historia de Grecia e Roma e a súa presenza no noso país e recoñecer as pegadas da cultura romana en diversos aspectos da civilización actual.	CCB7.3.1. Enumera e explica algúns exemplos concretos nos que se pon de manifesto a influencia que o mundo clásico tivo na historia e as tradicións do noso país.
	B7.4. Traballos de investigación sobre a civilización clásica na nosa cultura.	B7.4.1 Realizar traballos de investigación sobre a pervivencia da civilización clásica na contorna, utilizando as tecnoloxías da información e a comunicación.	B7.4.1. Utiliza as tecnoloxías da información e a comunicación para recabar información e realizar traballos de investigación acerca da pervivencia da civilización clásica na nosa cultura.

### CONCRECIÓN DOS OBXECTIVOS PARA O CURSO.

- Comprender os discursos orais e escritos utilizando coñecementos lingüísticos e culturais procedentes da cultura clásica.
- Comprender e usar helenismos e termos latinos.
- Reflexionar sobre os mecanismos da lingua latina para a formación das palabras.
- Recoñecer as estruturas lingüísticas do latín e/ou da(s) lingua(s) de uso dos alumnos.
- Recoñecer a orixe grecolatina das linguas románicas de España e de Europa, identificando elementos lingüísticos comúns a todas elas.
- Valorar a existencia das diferentes linguas e culturas en España hermanadas na súa orixe común grecolatino como manifestación de variedade e riqueza cultural.
- Coñecer os elementos básicos da civilización clásica, valorando a súa influencia na cultura local, hispánica e europea nas súas diferentes manifestacións.
- Identificar elementos lingüísticos e culturais procedentes do mundo clásico que subyacen na cultura europea.
- Valorar as linguas grega e latina como axuda para o aprendizaxe de outras linguas.
- Utilizar fontes antigas diversas, contrastando o seu contido e forma coas modernas.

### 4.CONTIDOS:

Marco xeográfico de Grecia e Roma.

Marco histórico da civilización grega: da civilización minoica ao mundo helenístico.

Marco histórico da civilización romana: Monarquía, República e Imperio.

O panteón grego e romano.

Mitos grecolatinos. Os heroes.

Relixión grega.

Relixión romana: culto público e privado.

Historia da escritura. Signos e materiais.

Orixe do alfabeto. O alfabeto grego e o abecedario romano.

As linguas do mundo. O indoeuropeo e as súas familias lingüísticas.

As linguas romances.

Composición e derivación culta de orixe grega e latina.

Latinismos, palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos.

Principais regras de evolución fonética do latín ao galego e ao castelán.

Léxico grecolatino na linguaxe científica e técnica.

Presenza das linguas clásicas nas linguas modernas.

Xéneros literarios grecolatinos: autores e obras principais.

Organización política en Grecia e en Roma.

Sociedade en Grecia e Roma: clases sociais.

A familia en Grecia e Roma.

Vida cotiá en Grecia e Roma: vivenda, hixiene, alimentación, vestimenta e traballo.

Espectáculos públicos en Grecia e Roma.

Fundamentos da arte clásica.

Arquitectura en Grecia e Roma: tipos de edificios e ordes arquitectónicas.

Escultura en Grecia e Roma: etapas, estilos e temáticas.

Enxeñería romana: obras públicas e urbanismo. Vías romanas.

Herdanza clásica no patrimonio artístico.

Civilización grecolatina nas artes e na organización social e política actual.

Mitoloxía e temas lexendarios nas manifestacións artísticas actuais.

Historia de Grecia e Roma e a súa presenza no noso país.

Traballos de investigación sobre a civilización clásica na nosa cultura.

## **5. TEMPORALIZACIÓN:**

A distribución dos contidos ao longo do curso está organizada en tres avaliacións. A secuenciación que vai a continuación corresponde aos bloques:

1. Primeira avaliación: bloques 1 e 2.
2. Segunda avaliación: bloques 4 e 5
3. Terceira avaliación: bloques 6 e 7
- 4.

O bloque 3 de mitoloxía estudarémolo ao longo de todo o curso unha hora á semana.

Preparación do concurso de Cultura Clásica intercentros.

Algún dos temas poderá ser cambiado polo profesor en función do interese do alumnado.

## 6. CRITERIOS DE AVALIACIÓN:

- Localizar nun mapa os lugares mais relevantes da civilización grega e romana.
- Describir os marcos xeográficos en que se desenvolven as civilizacións grega e romana ao longo da súa historia.
- Identificar, describir e explicar o marco histórico en que se desenvolven as civilizacións grega e romana.
- Coñecer as principais características de cada período da historia de Grecia e Roma, e saber situar nun eixe cronolóxico personaxes e feitos históricos.
- Coñecer as características fundamentais da romanización de Hispania e Gallaecia.
- Coñecer os principais deuses da mitoloxía grecolatina.
- Coñecer os mitos e os heroes grecolatinos, e establecer semellanzas e diferenzas entre os mitos e os heroes antigos e os actuais.
- Coñecer e comparar as características da relixiosidade e da relixión grega coas actuais.
- Explicar os fundamentos da relixiosidade romana e distinguir a relixión oficial das manifestacións do culto privado.
- Coñecer a existencia de diversos tipos de escritura, distinguilos e comprender as súas funcións.
- Coñecer a orixe do alfabeto e distinguir os tipos de alfabetos usados na actualidade.
- Recoñecer a presenza de elementos dos alfabetos grego e latino nos alfabetos actuais.
- Coñecer a orixe común das linguas indoeuropeas.
- Identificar as linguas europeas romances e non romances, e localizalas nun mapa.
- Identificar a orixe grecolatina do léxico das linguas de España e doutras linguas modernas.
- Distinguir e identificar latinismos, cultismos, semicultismos e termos patrimoniais.
- Facer evolucións desde o latín ao galego e ao castelán, tendo en conta os fenómenos fonéticos.
- Coñecer e utilizar con propiedade terminoloxía científico-técnica de orixe grecolatina.
- Constatar o influxo das linguas clásicas en linguas non derivadas delas.
- Coñecer as principais características dos xéneros literarios grecolatinos e a súa influencia na literatura posterior.
- Coñecer os fitos esenciais das literaturas grega e latina como base literaria da cultura europea e occidental.
- Coñecer as características das principais formas de organización política presentes no mundo clásico, e establecer semellanzas e diferenzas entre elas.
- Coñecer as características e a evolución das clases sociais en Grecia e Roma.
- Coñecer a composición da familia e os papeis asignados aos seus membros.
- Coñecer os trazos máis salientables da vida cotiá en Grecia e Roma.
- Identificar as principais formas de lecer da antigüidade.
- Relacionar e establecer semellanzas e diferenzas entre as manifestacións deportivas da Grecia Clásica e as actuais.

- Coñecer as características fundamentais da arte clásica e relacionar manifestacións artísticas actuais cos seus modelos clásicos.
- Identificar as características máis salientables da arquitectura grecorromana en relación cos edificios máis singulares.
- Coñecer as manifestacións escultóricas da arte grega e romana ao longo da Antigüidade e identificar a súa temática.
- Coñecer as creacións urbanísticas romanas, así como a súa rede viaria.
- Coñecer e saber localizar os principais monumentos clásicos do patrimonio español e europeo.
- Recoñecer a presenza da civilización clásica nas artes e na organización social e política.
- Coñecer a pervivencia da mitoloxía e os temas lexendarios nas manifestacións artísticas actuais.
- Identificar os aspectos máis importantes da historia de Grecia e Roma e a súa presenza no noso país e recoñecer as pegadas da cultura romana en diversos aspectos da civilización actual.
- Realizar traballos de investigación sobre a pervivencia da civilización clásica na contorna, utilizando as tecnoloxías da información e a comunicación.

## **7. MÍNIMOS ESIXIBLES PARA A OBTENCIÓN DA AVALIACIÓN POSITIVA**

- Localizar nun mapa os lugares máis relevantes da civilización grega e romana.
- Coñecer as principais características de cada período da historia de Grecia e Roma
- Coñecer as características fundamentais da romanización de Hispania e Gallaecia.
- Coñecer os principais deuses da mitoloxía grecolatina.
- Coñecer o alfabeto grego
- Identificar as linguas europeas romances e non romances
- Distinguir e identificar latinismos, cultismos, e termos patrimoniais.
- Facer evolucións sinxelas desde o latín ao galego e ao castelán.
- Coñecer e utilizar os principais helenismos da linguaxe científica e técnica.
- Coñecer os trazos máis salientables da vida cotiá en Grecia e Roma.
- Identificar as principais formas de lecer da antigüidade: teatro, xogos olímpicos, ludi romani no anfiteatro e no circo.
- Coñecer as características fundamentais da arte clásica e relacionar manifestacións artísticas actuais cos seus modelos clásicos.
- Identificar os aspectos máis importantes da historia de Grecia e Roma e a súa presenza no noso país e recoñecer as pegadas da cultura grega e romana en diversos aspectos da civilización actual.

## **8. INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.**

Os instrumentos dos que nos imos servir para valorar o proceso de avaliación continua son os

seguintes:

Os exames tradicionais ou probas obxectivas, dous por cada avaliación. Recollerán os diversos grupos de contidos tratados en clase.

Probas periódicas escritas de curta duración ou preguntas orais, que non necesariamente haberán de ser avisadas ao alumno. Con isto preténdese que os alumnos leven un estudo continuo da asignatura.

Traballos monográficos ou grupais, escritos ou orais.

Entrega de comentarios sobre os libros de lectura.

Asistencia a clase e regularidade no traballo escolar.

Presentación correcta de traballos, libretas e exames.

Participación en actividades (saídas, obras de teatro, concursos...)

Actitude positiva, construtiva e colaboradora.

## 9. PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN.

- Haberá dúas probas específicas por avaliación e un traballo fin de curso sobre un deus.
- As probas específicas terán un valor máximo do 50% da nota da avaliación, reservando un 25% para o traballo diario e o 25% restante para as tarefas puntuais.
- Faranse, a cotío, chamadas orais ou escritas durante o curso e valorarase moi negativamente non traer feitas as tarefas sinaladas como traballo de casa, a desorganización no caderno de traballo (ferramenta imprescindible para o estudo), non traer o material necesario, etc. podendo ser notificado aos pais do alumno dende a primeira falta. Presentación de exercicios diarios: o feito de non ter os exercicios amosa un desinterese total por parte do alumno, neste caso a avaliación será *cero* e repercutirá de feito considerable na cualificación. No resto dos casos a valoración será como nas preguntas teóricas, polo tanto, *ben, regular, mal*.

En xuño haberá que presentar un traballo coa historia e a pervivencia na arte dun deus ou heroe mitolóxico.

### Recuperacións:

Haberá un examen de recuperación de cada avaliación.

## 10. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN.

Cálculo da nota:

As probas específicas terán un valor máximo do 50% da nota da avaliación, reservando un 25% para o traballo diario e o 25% restante para as tarefas puntuais. En xuño haberá que presentar un traballo coa historia e a pervivencia na arte dun deus ou heroe mitolóxico.

## 11. ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES.

Os alumnos que deixaran pendente esta materia en 3º de ESO terán que ir facendo os exercicios da aula virtual que se lles vaia encomendando, facendo o profesor un seguimento deles e tendo como contacto a mesma aula virtual, o correo electrónico e os recreos que se estipule con eles a principio de curso. Terán dous exames, un en xaneiro, no que entrarán os contidos mínimos dos bloques 1-2-3, e outro no mes de abril, no que entrarán os contidos mínimos dos bloques 4-5-6.

## 12. METODOLOXÍA DIDÁCTICA.

Cultura Clásica plantéase como unha asignatura multidisciplinar, onde os temas serán abordados de maneiras distintas e tamén buscarase a diversidade en canto ás actividades.

Non hai libro de texto asignado. Os temas serán vistos por medio de fotocopias que se entregarán en clase ao alumnado e os temas e exercicios que hai na aula virtual da materia.

O caderno e a aula virtual é a principal ferramenta de estudio do alumno.

Seguiráse non posíbel a "didáctica do xogo", é dicir, se buscará a forma, acorde coas actividades plantexadas, de practicar os contidos teóricos en forma de xogos ou actividades que motiven ao alumno, primando lembrar ou seu interese como porta á adquisición de novos coñecementos e profundación nos mesmos.

## 13. NO CASO DUN ESCENARIO DE ACTIVIDADE LECTIVA NON PRESENCIAL

Dadas as circunstancias deste curso, **no que a actividade lectiva presencial se pode interrompir de repente, ou pasar a ser semipresencial para algun(s) alumno(s) concreto que se teña que quedar na casa confinado**, considero importante engadir algúns outros procedementos metodolóxicos, como:

- Constatación previa da situación tecnolóxica do alumnado á hora de usar as ferramentas online.
- Aumento da comunicación por teléfono ou por escrito co alumnado, vía whatsapp, correo, blog e Aula Virtual. De ser posible trataríamos de que ese alumno(s) se conectasen por webconferencia con todos os demais que estemos na aula.
- Uso didáctico de todas as ferramentas ao noso alcance, como teléfono, Whatsapp, correo electrónico, aula virtual, plataforma Webex ou Classroom, blog de aula e Abalar, algunhas delas xa levamos anos utilizándoas antes da pandemia, como o blog de aula e a Aula Virtual.
- Aumento de actividades de reforzo e recuperación de contidos xa vistos.
- Asentamento de contidos vistos mediante a utilización de xogos tipo scrable, kahoot, potatoes, ardora e similares
- Mantemento do horario de clase, de darse o caso de ensino telemático para toda a aula, como forma de manter unha boa organización horaria do alumnado.
- Recollida por escrito no blog de aula e/ou na aula virtual, nun DIARIO DE CLASE, de toda a información aportada en clase: corrección dos exercicios, explicación de contidos, repaso ou reforzo de determinados temas, enlaces ás lecturas, etc., así como das tarefas encomendadas, coa finalidade de que ningún alumno poida quedar retrasado por estar confinado.

En canto á avaliación do proceso de aprendizaxe do alumno seguirá os mesmos **instrumentos** mencionados no apartado 8, a saber:

- dúas probas específicas obxectivas por avaliación nas que entrarán os contidos vistos.
- probas periódicas escritas ou orais, que non terán que ser necesariamente avisadas ao alumnado.
- Traballos monográficos ou grupais, escritos ou orais.
- Entrega de comentarios sobre os libros de lectura.
- Asistencia a clase, a ser posible por webconferencia e/ou aula virtual, e regularidade no traballo escolar.
- Presentación correcta de traballos, libretas e exames.
- Participación en actividades (lecturas dramatizadas, concursos...)
- Actitude positiva, construtiva e colaboradora.

A única diferenza será que nun escenario de actividade lectiva non presencial a avaliación terá lugar por medio de ferramentas dixitais, como a plataforma webex ou classroom, a aula virtual, o blog ou o correo electrónico, e darase mais importancia ao traballo grupal e á presentación de

traballos de investigación e comentarios de lecturas, así como ao traballo fin de curso sobre un deus olímpico.

Tamén haberá probas telemáticas de recuperación.

Polo que respecta aos **criterios** de avaliación nun escenario non presencial

- As probas específicas terán un valor máximo do 40% da nota da avaliación, reservando un 30% para o traballo diario e o 30% restante para as tarefas puntuais.

No caso de actividade lectiva non presencial a materia pendente poderá recuperarse por medio de tarefas puntuais na aula virtual e a presentación do traballo final dun deus olímpico.

**14. NO CASO DE ACTIVIDADE LECTIVA SEMIPRESENCIAL** o proceso de aprendizaxe do alumno seguirá os mesmos instrumentos, con pequenas variacións metodolóxicas, como por exemplo, aproveitar eses períodos de confinamento para facer as tarefas puntuais.

Este curso, dadas as especiais circunstancias haberá flexibilidade nas datas de exames, posto que pode haber alumnos que teñan que estar confinados e coincida a data do confinamento coa do exame. Ademais as probas específicas presenciais, no caso de alumnos confinados, poderán facerse de maneira telemática por webex, aula virtual, correo electrónico, na mesma data a ser posible ou noutra en casos específicos.

#### **15. PROCEDIMENTOS PARA ACREDITAR OS COÑECEMENTOS PREVIOS.**

Ao ser o primeiro ano que estudan esta materia non hai necesidade de coñecementos previos.

#### **16. MATERIAL E RECURSOS DIDÁCTICOS.**

Utilizarase as fotocopias entregadas polo profesor ao alumno en clase, e un caderno ou follas debidamente clasificadas e ordenadas en fundas.

Utilizaranse os exercicios e diverso material audiovisual da aula virtual.

#### **17. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.**

A atención á diversidade está recollida nos diversos exercicios adaptados que hai na aula virtual da materia.

#### **18. CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS QUE SE TRABALLARÁN.**

Os elementos transversais preséntanse como un conxunto de contidos que interactúan en todas as áreas do currículo escolar, e o seu desenvolvemento afecta á globalidade do mesmo. Os temas transversais deben impregnar a actividade docente e estar presentes na aula de forma permanente, xa que se refiren a problemas e preocupacións fundamentais da sociedade. Consideraranse todos aqueles que, dalgunha maneira, contribúan ao correcto coñecemento e comprensión do conxunto das materias do currículo e non só da materia de Cultura Clásica (comprensión lectora, expresión oral e escrita, comunicación audiovisual, tecnoloxías da información e comunicación, o emprendemento e a educación cívica e constitucional).

-Leranse textos que analicen as aportacións de personaxes históricos de calquera ámbito do mundo clásico en prol da convivencia e da paz.

-Realizaranse coloquios sobre se algunhas actitudes discriminatorias daqueles tempos sobreviven na actualidade e mostrarase un compromiso persoal para respectar os dereitos das persoas.

-Valoraranse os elementos sociais, culturais e políticos da antigüidade grecorromana, sabendo extraer o positivo e trasladándoo ao presente. A crítica da sociedade antiga permite unha mellor educación para a democracia.



-Proporanse actividades relacionadas co recoñecemento en textos clásicos e actuais de situacións nas que se produza calquera tipo de discriminación por razón de sexo, a fin de aportar posibles solucións para evitar a discriminación; alcanzarse o compromiso de evitar, en calquera situación comunicativa ou nacida da convivencia, formas, termos e expresións que denoten discriminación.

-Fomentarase o diálogo como forma de solucionar as diferenzas, mediante a análise de problemas históricos de enfrontamentos ocorridos en Grecia e Roma.

-Comentarase aqueles elementos e costumes da sociedade grega e romana que se consideran socialmente útiles ou criticarase aqueles outros que evidencian comportamentos e ideas lesivas para a sociedade ou o individuo.

-Despertarase o interese pola cultura que desenvolveron gregos e romanos, analizando as diferenzas e semellanzas con outras culturas, desenvolvendo así actitudes de respecto por outros pobos.

-Ao mesmo tempo que se pretende que o alumno recoñeza e identifique restos arqueolóxicos clásicos, promoverase o mantemento dun compromiso persoal para lograr a conservación de toda pegada no contorno natural, sabendo apreciar os avances tecnolóxicos e o respecto das antigas civilizacións pola natureza.

## **19. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN Ó PROXECTO LECTOR.**

A principal contribución ao proxecto lector será a lectura de textos literarios e históricos que axudarán a potenciar a comprensión lectora dos alumnos e, ao mesmo tempo, servirán para que estes observen como temas e tópicos da cultura grecolatina se transmitiron ata hoxe e seguen presentes nos nosos escritos.

Ademais participaremos en diversas efemérides celebradas no centro, baixo a coordinación da biblioteca, e recollidas no PL do centro. Tales como a semana dun escritor galego en decembro, coa lectura de poemas de temática clásica de Luz Pozo Garza; a semana cultural que este curso tratará sobre o mar, coa selección de textos grecorromanos que ilustren a importancia do mar en Grecia e Roma.

Asimesmo participaremos na Hora de Ler. Dedicando á lectura por placer as horas marcadas. Haberá na aula exemplares de libros do mundo clásico para que o alumno que queira dedique eses momentos a deles.

## **20. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN Ó PLAN TIC.**

O emprego de recursos e materiais procedentes de internet e a súa proxección mediante o canón acostuma ser habitual nas clases de Cultura Clásica e de todas as demais materias impartidas por este departamento. Tamén a realización de exercicios e xogos interactivos por medio do ordenador, a tablet ou o móvil.

Os alumnos utilizarán as TIC para a elaboración de traballos e para reforzar algún tema mediante programas interactivos de exercicios. Recomendaránselles varias páxinas de internet nas que poden atopar información interesante.

Os alumnos deben aprender a seleccionar, analizar con rigor e sistematicamente diversas fontes de información, comparar os contidos das mesmas e realizar valoracións. Para a presentación dos traballos empregarán os recursos que lles ofrecen as novas tecnoloxías.

## **21. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN Ó PLAN DE CONVIVENCIA.**

Este Departamento ten como obxectivos para contribuir ao Plan de Convivencia do centro:

1. Educar ao alumnado para a convivencia democrática, incorporando na práctica docente contidos relacionados coa convivencia escolar e a resolución pacífica de conflitos.
2. Educar ao alumnado no respecto e cumprimento de todas as normas do plan Covid como medida

preferente de convivencia para este curso escolar, facendo fincapé en que todos dependemos de todos, “se eu me protexo protéxote a tí, se ti te protexes protéxesme tamén a min”.

3. Respetar a liberdade de conciencia así como a dignidade, integridade e intimidade de todos os membros da comunidade educativa.

4. Fomentar un clima positivo de convivencia no centro e na aula e durante as actividades complementarias e extraescolares, favorecendo un bo desenvolvemento do proceso de ensinanza-aprendizaxe.

5. Manter a orde e velar polo adecuado comportamento do alumnado no centro, tanto na aula como fora dela, corrixindo e poñendo en coñecemento dos órganos competentes as conductas que alteren a convivencia.

6. Informar ás familias das cuestións que poidesen afectarlles, dos incumprimentos das normas de convivencia por parte dos seus fillos e das medidas disciplinarias adoptadas ao respecto.

7. Controlar as faltas de asistencia así coma os retrasos dos alumnos e informar aos titores, segundo o procedemento establecido.

## 22. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.

Debido á situación creada polo Covid, e dado que o protocolo da Consellería de Educación desaconsella as actividades fóra da aula, este curso non asistiremos ao festival de teatro grecolatino de Lugo nin visitaremos a cidade (murallas, museo provincial...) e Sta María de Bóveda. Tampouco realizaremos ningunha outra viaxe para coñecer in situ a cultura grecorromana. Pero sí levaremos a cabo actividades audiovisuais e online para participar na Semana Cultural do centro e noutras actividades propostas pola biblioteca.

## 23. MECANISMOS DE REVISIÓN, DE AVALIACIÓN E DE MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA.

	1	2	3	
	Nunca	As veces	Sempre	OBSERVACIÓNS
APARTADOS AVALIABLES				
OBXECTIVOS DE APRENDIZAXE				
Existe coherencia cos contidos e coas actividades				
Son facilmente avaliáveis e relaciónanse con criterios concretos				
CONTIDOS				
Son axeitados ao nivel do alumnado				
Responden a conceptos, procedementos e actitudes				
ACTIVIDADES				
Foron secuenciadas en orde a súa significatividade				
Contribúen a consolidar e interiorizar os contidos				

Contémplase a diversidade mediante actividades de reforzo e ampliación				
Son variadas, motivadoras e funcionais				
TEMPORALIZACIÓN				
A distribución das unidades por avaliacións foi axeitada				
Os tempos para as actividades foron adecuados				

En A Coruña, a 1 de Outubro de 2020

MATILDE DE CAL CORTINA, Xefa do Departamento de Grego